

DECRETO DA ALCALDESA

ASUNTO: Membros da Xunta de Goberno Local.

Como consecuencia da renuncia ao seu cargo de alcalde e tamén á condición de concelleiro de D. Francisco García Suárez, na sesión plenaria do 15/06/2018, e trala toma de posesión no cargo de Alcaldesa de D<sup>a</sup> María Cristina Cid Fernández, na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno da Corporación do 21/06/2018, procede remodelar a composición da Xunta de Goberno Local.

De conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 65 en relación co 61 da Lei do Parlamento de Galicia 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local; artigo 23, en relación co 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local; e, 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986 (ROF), RESOLVO:

Primeiro.- Que, a Xunta de Goberno Local, presidida por min, como Alcaldesa, estará integrada por catro concelleiros e concelleiras, número non superior ao tercio do número legal dos mesmos, sendo os que a continuación se indican:

DON BERNARDO VARELA LÓPEZ  
DONA M<sup>a</sup> ELENA SUÁREZ ESTEVEZ  
DON ALBERTO CONDE RODRIGUEZ  
DONA MARÍA ISABEL POISA REY

Segundo.- A Xunta de Goberno Local terá asinadas as seguintes atribucións:

- a) A asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.
- b) As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega e que a continuación se expresan:
  - Tomar razón dos escritos e comunicacións de carácter oficial que en cada caso lle dé conta o Alcalde e adoptar os acordos que correspondan.
  - Autorización dos gastos e aprobación das facturas que correspondan ao normal desenvolvemento do Presuposto por importe superior a 3.000 EUROS, e aprobación das certificacións de obras por igual ou superior importe.
  - En materia de contratación, as que a Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, na súa Disposición Adicional Segunda, apartados 1 e 7, atribúe ao Alcalde.
  - Aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente o Alcalde para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Presuposto.
  - As licencias urbanísticas descritas no artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, salvo cando teñan a consideración de obras menores.
  - A concesión ou denegación das prórrogas das licencias de obras maiores.

- O informe preceptivo dos expedientes das autorizacións autonómicas en solo rústico ás que se refire o artigo 38 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia sempre e cando a licenza urbanística non teña a consideración de obra menor.
  - A concesión das licencias de instalación e/ou apertura do establecemento, incluídas as de traspaso e cambio de titularidade.
  - Licencias de apertura ao público de locais ou recintos e a entrada en funcionamento das instalacións destinadas a espectáculos ou actividades recreativas, así como o seu traspaso ou cambio de titularidade.
  - Concesión ou denegación do dereito de vado.
- c) As que lle atribúan as leis.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicaráse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade o día seguinte ao da presente resolución, conforme indica o artigo 52.4 en relación co 46.1, do ROF.

Cuarto.- Derrogar calquera outra disposición dictada con anterioridade á presente resolución.

A Alcaldesa

M.<sup>a</sup> Cristina Cid Fernández

Dou fe,

O Secretario

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE